

Guerra Civil

Willie Shannon era un home tranquilo. Vivía coa súa irmá, Catherine, na casa onde naceran. Willie tiña setenta e tres anos; Catherine setenta e cinco. Ata a súa xubilación, os dous traballaron nas dúas mellores tendas do centro de Belfast.

O emprego de Willie era de almacenista nos almacéns Woolworth, Catherine era a encargada de compras nunha tenda de moda de Royal Avenue. Catherine puido chegar a ser a responsable de compras de toda unha planta, “Sedas e Encaixes”, -o propio señor Bradshaw ofreceulle ese posto-. Ela considerou seriamente a oferta pero, tal e como diría logo, non estaba de ser. Por aquela época moceaba cun home xove que chegara a Belfast desde Banbridge. Era Protestante e paraba na fonda duns amigos da nai de Willie e Catherine. Era un auténtico cabaleiro, recordaba Catherine, quizais un chisco saudosa, cando se poñía a pensar no que puidese ter sido. Aínda gardaba nalgún lugar unha foto dela e de Ronnie, dun día no que foron de excursión ás colinas de Antrim.

Se Willie tiña algunha historia de amor frustrado non llo dixo a ninguén. Gustáballe a bebida. Foi unha das heranzas de Woolworth. Alí el aprendeu a beber como parte da súa forma-

ción profesional. Empezou por unha botella de cervexa, coidadosamente acariciada durante media hora os días de paga, nunha esquina do pub Kelly, antes de coller o autobús para a casa. Máis tarde, ao deixar atrás a adolescencia, graduouse con cervexas máis fortes e, en ocasións especiais, sacaba nota con media de Bushmills. Naquelas noites, nos primeiros tempos, a cea atrasábase ata que Catherine, farta daquela situación, decidiu que “non hai por que esperar polo noso Willie. Está coa cuadrilla do pub”.

Súa nai poñía a cea de Willie no forno, ou entre dous pratos enriba dunha pota de auga fervendo, mentres Catherine servía ao resto da familia. Había dous máis, James e Lily, que eran os máis novos. James, para orgullo do seu pai, conseguira entrar no Colexio Malachy. Por aquelas datas, Willie levaba tres anos traballando en Woolworth. Mentres Lily, a máis nova, estaba aínda na Escola Primaria para nenas de Santa María.

Entón, seu pai morreu. Morreu lenta e dolorosamente o ano no que James comezou no Saint Malachy. Dalgunha maneira, Willie chegou a ocupar a figura do pai, a ser o cabeza de familia. Tiña vintetrés anos. Despois dun tempo, os días de paga convertéronse en noites de farra. Naquelas noites a familia ceaba á hora normal, sen el. Cando voltaba tarde, cheirando a tabaco e a cervexa e moi alegre, súa nai, sen acougo, servíalle a cea recién feita nunha bandexa, en vez de na mesa. Despois de comer ata fartar, Willie pasáballe unha pequena paga aos máis novos, James e Lily, antes de entregarlle a súa nai a semanal contribución aos ingresos familiares.

— Voume lavar un pouco, mamá -dicía Willie-, e logo irei tomar unha cervexa. Virei cedo.

— De acordo, fillo -contestáballe a señora Shannon-. Tes unha camisa limpa sobre a cadeira do teu cuarto.

Willie nunca lle daba problemas. Os sábados, se non traballaba, ía adestrar ou xogar ao hurling no club Rossa; logo, volvíaa casa para darse unha boa enchenta de touciño, ovos, morcilla e salchichas e patacas. Se ía boa tarde, el e máis os seus amigos ían ao pub Charlie Watter en Hannahstown na ladeira do Black Mountain. Despois, segundo a escuridade ía anegando a cidade e a brétema do mar envolvía o Lago Belfast, regresaban; berrando e bromeando como adoita facer a xuventude. Os domingos eran días de estar coa familia. Ían todos xuntos á misa de cedo. Xantaban sempre algo especial que a Señora Shannon cociñaba e que servían as súas fillas; mentres, Willie desfrutaba da pracenteira lectura da prensa dominical. Logo da comida, el e James fregaban os pratos e falaban de hurling e de fútbol, ou ben Willie se interesaba animadamente sobre os estudos de James. Despois, a Señora Shannon e as rapazas saían para visitar á Tía Anne ou á prima Mena, James sentaba na sala a estudar, e Willie ía dando un paseo ata Falls Park para verse cos seus amigos. No inverno esta rutina mudaba só segundo o tempo que fixese.

As súas vidas transcorreron así durante varios anos. A James foille moi ben no Saint Malachy e preparouse para ser profesor. Conseguiu a súa primeira praza como mestre nunha pequena escola nas aforas de Ardboe no Condado de Tyrone. Dous anos máis tarde casou e trasladouse coa súa muller a Strabane, e de alí a Glasgow, en Escocia. Lily tamén casou cun antigo mozo da escola, que axiña empezou a maltratala. O seu matrimonio empeoraba segundo medraba a afección del pola bebida; a súa relación converteuse nun inferno de portas adentro, especialmente para ela. Unicamente Willie e Catherine ficaban sen cambios. Mentres, a veciñanza, os amigos, os compañeiros de traballo, o equipo de Rossa, e mesmo os camaradas de Willie na taberna casaban, emigraban, e algún houbo que se fixo cura. Willie e Catherine, xunto con súa nai, continuaban feliz-

mente a súa rutina que se fundamentaba na constancia e na seguridade; e cando a señora Shannon morreu, Willie e Catherine persistiron nese xeito de vida. Os seus ritmos vitais latexaban acompañados. E dalgũa maneira complementábanse.

Agora Willie era xefe de almacén en Woolworth e membro da dirección do club Rossa. Un dos acontecementos máis brillantes daquel ano foi a Final Pan-irlandesa de hurling en Dublín. Pasou a fin de semana alí, nunha fonda preto de Mountjoy Square. Un sábado ao ano, dos vinte que durou a súa peregrinaxe deportiva, collía o primeiro tren directo alí. Tratábano a corpo de rei e el estaba encantado da atención que recibía. Logo, con espírito xuvenil ía tomar o té a Bewley, botaba unha ollada nas librerías do peirao, e xantaba un bisté en Wynn antes de encamiñarse ata a oficina de Correos, onde se encontraría coa afección do Rossa no Nelson's Pillar. Xuntábanse para tomar unhas cervexas e entoar unhas cancións no hotel. Non importaba quen gañara o partido; a fin de semana era sempre un triunfo; e Catherine recibiría detallada información do acontecido durante moitas das vindeiras noites. Ela coñecía todos os recunchos da personalidade de Willie. Ás veces, tomáballe o pelo cordialmente, sobre todo cando gababa en exceso unha xogada concreta no campo, ou cando criticaba a incompetencia dalgún xogador. Ela, pola súa parte, parecía feliz co seu reducido círculo de amigos, unha copaña de xerez de cando en vez e unha saída regular ao teatro.

Ía todos os anos de excursión ao Lago Derg; esta era a súa particular Final Pan-irlandesa. En 1967 xubilouse de Bradshaw. Logo dun mes de aburrimiento pola casa entrou na Asociación Local de Mulleres. Axiña se viu envolta nunha morea de actividades.

Cando Willie se retirou, os seus compañeiros de traballo fixeron unha colecta e apareceronlle cun novo televisor en bran-

co e negro. Willie estaba encantado. Pasou as primeiras semanas do seu retiro entre a televisión e Falls Park. Aquel ano houbo algún que outro disturbio no centro da cidade de Belfast. Willie e Catherine non prestaron moita atención a aqueles sucesos. A verdade é que se non fose pola televisión, nin sequera se decatarían. A primeira semana de outubro foron coa parroquia de excursión a Roma. Foi alí na noite do 6 de outubro, cando Willie viu nunha reportaxe televisiva a carga policial que o día anterior tivera lugar contra a marcha de Dereitos Civís en Derry. Estaba nun bar de mala morte cando os uniformes estrañamente familiares invadiron o noticieiro. Non estaba moi seguro do que se trataba ou exactamente de que lugar de Irlanda estaban a informar. De feito, non soubo que contestar ao comentario do camarero.

— Vostede é irlandés, ¿non? Mire -dixo sinalando á pantalla.

De volta ao hotel Willie atopouse con que a xente do grupo non falaba doutra cousa. Unha muller telefonara a súa irmá en Derry. O Padre Grummy xestionou a chamada. As novas non eran boas, pero aquelas sombras de preocupación esvaecéronse ao día seguinte baixo o sol de Roma.

— ¿Non é marabillosa esta calorciña nun día de outono? -inquiriu Catherine, mentres os dous almorzaban nun pequeno restaurante da Vía Flavia, situado nunha estreita rúa detrás do hotel.

— ¡Abofé que si -asentiu Willie-. Isto nunca pasa en Falls Road.

— ¡Deixa a Falls Road en paz! -replicou Catherine.

Estrañoulle aquela lixeira mostra de irritación, pero non o tomou a mal. Só días máis tarde, xa na casa, recordaría aquela

pequena disputa. Unha punzada que volvía saír da súa voz, cando estaban a escoitar un debate televisado entre os líderes de Dereitos Civís e un ministro do goberno de Stormont.

— O único que queren estes é crear problemas. As cousas non están tan mal -murmurou ela.

— Ben, tampouco van tan ben -replicou Willie-. Non está mal que alguén nos defenda.

— Eles non están a defenderme a min -revirouse Catherine-. Eu soña son quen de coidarme, moitas gracias. Non sairá nada bo disto. Recorda o que che digo. Só están aí para ver o que sacan no seu proveito. E a xente nova ten menos sentido que un can. Terá que pasar moito tempo antes de que eu precise nada de toda esa xente. Non sairá nada bo desa rebeldía.

Willie quedou sorprendido polo ton da súa voz. Nunca antes discutiran sobre política. Nin sequera estaba seguro de que Catherine se preocupase de votar. El sempre votaba, pero máis por un sentido da responsabilidade que por convencemento ideolóxico. Por suposto que el sempre votaba antiunionista. E, segundo reflexionaba sobre o arrebatado de Catherine, decatouse de que el nunca lle dixerá a ninguén por quen votaba. Agora, que tiña todo o tempo do mundo para si, estaba a descubrir que as súas actitudes eran máis controvertidas que antes. Acontecían demasiadas cousas día tras día, manifestacións e contramanifestacións, declaracións e contradecións, e todo transmitido pola televisión en branco e negro, ou pola prensa. Willie viuse inmerso no ambiente político do momento. Ás veces, non entendía como Catherine facía caso omiso de todo o que estaba a suceder alí fóra. Sempre que el tentaba falar sobre algún asunto importante, recollido nos titulares do día, ela rexeitaba a conversa. Unha mañá as cousas chegaron demasiado lonxe entre eles. Un home fora asasinado nunha carga poli-

cial a noite anterior. Willie soubo do incidente no almorzo, cando Catherine lle guindou o xornal *Irish News* enriba da mesa.

— Supoño que ti e máis os teus amigos estaredes satisfeitos agora -berroulle.

Nun principio el estaba desconcertado, pero segundo lía a información a rabia mudaba á súa confusión. Estrullou o xornal coas mans e seguiu a Catherine ata a cociña, a onde esta se retirara tras o seu acceso de cólera.

— ¿Que queres dicir? -encarouse a ela-. ¿Que queres dicir con que se eu estou satisfeito? Eses bastardos matan un home e ti bótasme a min a culpa. ¿Que queres dicir, muller? ¿Que tes na cabeza? ¿Supoño que foi culpa dese pobre home que o mataran?

Catherine non dixo nada. Deuse a volta e regulou o lume da teteira. El arrebouloulle o xornal con rabia.

— Non volvas dicirme nada semellante mentres vivas, Catherine. Se iso é todo o que pensas sobre a situación, entón gárdao para ti e non te preocupes polo meu almorzo. ¡Marcho!

Non retornou ata a caída da noite; e aínda que ela agardou por el, nerviosa e vixiante, na ventá da saliência, non pronunciou palabra cando o sentiu chegar a tombos, bébedo, ferido e farfutando mentres subía as escaleiras para a cama. Ao día seguinte ela díxolle que era mellor non falar de política na casa. El calou a boca. Á mañá despois, el foi ao funeral do home que mataran na carga policial. Non lle comentou nada disto a Catherine; axiña as cousas no fogar volveron ser como sempre, como se non pasara nada. Pero, segundo se intensificaba portas adentro o esforzo dos dous por evitaren temas polémicos na conversa e fóra os disturbios continuaban a súa escalada, a relación entre

irmán e irmá lentamente se ía enchendo de longos e baleiros silencios. Ata tal punto formaban parte da rutina do outro que os rituais permanecían inmutables; pero así como a tensión entre eles medraba, facíao tamén o resentimento de Willie e o senso de ofensa de Catherine. Progresivamente o agarimo que sentían un polo outro foi morrendo. Semellaba, como algún día se explicaría Willie, unha guerra fría.

El non foi quen de conseguir a paz, Catherine pedía un prezo demasiado alto. Estaba preparado para adquirir un compromiso, o de atopárense a medio camiño, pero non estaba disposto a renderse. Era ela quen atacaba. Mesmo unha palabra dita sen ningunha intención sobre algún incidente era recibida por ela de mala maneira.

— Xa sabes que non quero saber nada diso.

Doído, abandonábase nun longo e feble silencio.

Cando se emborrachaba, que era raramente, a súa hostilidade abrollaba nel como un río de ira e frustración. Entraba na casa ruidosa e torpemente. Ao principio, ela adoitaba berrarlle, erguéndose da cadeira onde o estaba a esperar nerviosamente; pero a súa furia era tan grande que ela empezou a collerlle medo. Seguía a esperar por el, pero mordía a lingua. Aínda entón, na súa raposería de borracho, decatábase do poder que tiña sobre ela; e aínda máis a aldraxaba canto que ela non respostaba aos seus insultos.

Ao día seguinte comportábase como un neno arrependido, e todo parecía ser como nos vellos tempos, xa que tentaba compracela amañando algunha que outra cousa pola casa; ela derretíase, moi a pesar seu, por tal cordialidade. Cando isto ocorría, nin a televisión era quen de dividilos, pois facían un especial esforzo para que ninguén de fóra os destruíra; pero era tal a con-

troversia diaria de todo o que os arrodeaba, e tan atrincheirados estaban en cadanseu punto de vista, que aqueles respiros non só eran infrecuentes, senón que tamén duraban pouco. Foi durante un deses períodos cando, sentados á beira do lume mirando na televisión unha película de domingo, un avance informativo interrompeu o seu contento. Como sucedera había tres anos en Roma, nesta ocasión as novas, nun principio imprecisas e logo máis claras e fatais, falaban tamén de Derry.

Sentados, quedaron paralizados pola enormidade de todo aquilo que estaba a retransmitirse dentro da súa propia sala de estar. Foi Catherine quen finalmente falou.

— Síntoo, Willie.

El non contestou.

— Willie...

— Non entendo como non aplaudes -exclamou salvaxemente. A forte impresión que reflectía a cara dela detívoo por un momento, pero era tanta a súa dor que non se puido conter.

— Todo isto vén do teu sumiso Xesús, e de non querer afrontar a realidade. ¡Malditos soldados ingleses, disparando á nosa xente como se fosen cans e todo o que ti podes dicir é que o sintes! ¿Que é o que sintes? Ao fin e ao cabo ti non fixeches nada malo.

El estaba de pé, mirándoa con rabia. Ela levantou a vista. No seu rostro había dor e incredulidade. Por un momento as súas miradas encontráronse; confundidos e feridos, un vello e unha vella no seu cuarto de estar, irmán e irmá, solteirón e solteirona, amigos de toda a vida; e agora, a modiño, ante os seus propios ollos, ela cun pequeno laio caía da cadeira, derrubada, aos seus pés.

Enterrárona o mesmo día que os mortos do Domingo Sanguento. Despois daquilo Willie seguiu vivindo á súa maneira. Mantíñao o seu interese pola política. A pesar da súa idade, asistiu aquela primavera a todas as manifestacións locais, sabendo como sabía que o lume dentro del xa morrera. O sentimento de rabia tamén desaparecera. Estaba, como el mesmo reconecía, só contando o tempo. Morreu de pulmonía en Agosto no Hospital Royal Victoria. O capelán deulle a extremaunción xusto antes de finar. Mentres o facía, ao cura pareceulle que estaba a murmurar algo.

— ¿Que pasa, Willie?

— Síntoo, Catherine -suspirou Willie-. Síntoo.